

LINGUA GALEGA

**Texto:**

A medio e **longo** prazo un dos retos do futuro de **Galicia** é superar o actual **devalo** demográfico. Ao longo das **dúas** últimas décadas **en** Galicia **morren máis** persoas das que nacen, diminúe e envellece a poboación, o que provoca un severo déficit vital a un país que perde pulo, esmorecendo como comunidade. Unha situación alarmante para **moitos**, unha forma de lento suicido colectivo para outros, que en todo caso **couta** as posibilidades económicas e de benestar do país.

Dende a década de 1980, Galicia pasou dos 40.000 nacementos anuais aos 20.000 dos últimos anos. No mesmo período incrementou a súa renda por habitante até o 90 % da media da Unión Europea, mais foi reducindo a taxa de fecundidade (entre os 0,9 e 1,1 fillo/as por muller), moi por baixo da media da Unión (1,6) e de España (1,38). En cada un dos tres últimos anos Galicia ten un saldo demográfico negativo de 8.000 persoas. Se a iso engadimos a ventura de contar cunha elevada esperanza de vida, o escenario dunha poboación galega minguada e avellentada semella o máis probable nas dúas vindeiras décadas.

Nin sequer para os demógrafos, economistas e sociólogos é doado explicar as causas desta ameaza, xa que non hai pobo que teña garantido o seu futuro sen contar coa enerxía do seu relevo xeracional. Xunto ás económicas, a incapacidade da nosa sociedade de asegurar emprego e estabilidade laboral ás novas xeracións, existen outras disfuncións que poden axudar a comprendela, vencelladas á modificación da valoración da familia, á falta de autoestima e mesmo a ausencia dun certo “patriotismo”. Galicia non é arestora un país amable para ter fillos e fillas, xa que existen atrancos para responder ás necesidades económicas e dedicación que isto exige, unhas veces pola tardía incorporación das mozas ao mercado de traballo, outras polas dificultades de conciliación, polo elevado nivel de desemprego, pola emigración dunha parte significativa das posgraduadas ou pola inexistencia dunha rede de escolas infantís públicas e gratuítas.

De non acudir por ela, esta emerxencia demográfica tería consecuencias funestas para a sustentabilidade económica do país, debido a inevitable caída das rendas, desertizaría as provincias do interior, poñería en perigo o porvir dos sistemas públicos de pensións, sanidade e asistencia ás persoas maiores. De continuarmos con esta tendencia negativa, Galicia será un país máis pobre, máis desartellado territorialmente e máis dependente, o que constitúe unha tremenda ameaza para o seu futuro.

(Manuel Bragado, *El Faro de Vigo* 25.11.2014)

**Cuestións:**

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *futuro, déficit, fecundidade, vencelladas, arestora* (1 punto).
2. Escriba un título para este texto, e logo indique as ideas principais (2 puntos).
3. Indique a que clase de palabras pertencen as seguintes formas do primeiro parágrafo (destacadas en negra): *e, longo, Galicia, devalo, dúas, en, morren, máis, moitos, couta* (1 punto).
4. Conxugue o presente de subxuntivo e o perfecto de indicativo dos seguintes verbos: *ser, diminuír, ter, haber, poñer* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).